



Información para todas as persoas que desexen participar neste proxecto:

Persoas de contacto:

Begoña García López

Técnica de Turismo do Concello de Ribadeo

David Díaz Díaz

Técnico de Cultura do Concello de Ribadeo

Punto de recollida e información:

Oficina de Turismo de Ribadeo

Horario:


Todos os venres de 11.00h a 13.00h

Teléfonos de contacto: 982 128 689  
609 050 176



## RECUPERACIÓN DOCUMENTAL E FOTOGRÁFICA DA EMIGRACIÓN GALEGA

*Un proxecto de recollida de coleccións particulares para a súa  
dixitalización e difusión*



O Consello da Cultura Galega, a través do **ARQUIVO DA EMIGRACIÓN GALEGA**, e o Concello de Ribadeo queren facer partícipe á cidadanía no Proxecto de recuperación documental e fotográfica da emigración galega. Que mellor ocasión que iniciar esta campaña, de carácter permanente, no marco da Terceira Edición do **RIBADEO INDIANO**. Non cabe dúbida de que as e os ribadenses que un día decidiron partir da terra serviron de referente identitario aos seus descendentes e ao propio lugar de orixe. Moitos deles foron axentes de transformación política, económica e cultural da vila.

Pretendemos alcanzar varios obxectivos orientados á recuperación, preservación e salvagarda do patrimonio dos emigrantes galegos e dos seus familiares, nos seus diferentes formatos (documentos, fotografías, obxectos, películas). Deste xeito, chegaremos a ser depositarios de historias individuais de miles de galegos e galegas que escolleron valentemente o camiño da emigración. As achegas realizadas para este proxecto constituirán un acervo de fontes a disposición da comunidade investigadora, dos expertos na temática migratoria e, por suposto, dos propios protagonistas.

O material que se recolla servirá para a investigación e difusión non comercial.



## MATERIAIS QUE A CIDADANÍA PODE ACHEGAR Á REDE DE RECUPERACIÓN

**Imaxes que recreen a viaxe:** Fotografías da saída ou embarque, durante a viaxe (no barco, avión, tren...) e tras a chegada ao país de destino.

**Documentos oficiais:** Pasaportes, carteiras de identidade de emigrante, licenzas para emigrar, tarxetas de embarque, carnés de identidade ou cédulas do país de acollida, remesas ao lugar de orixe, expedientes de matrimonio, carnés de asociacións galegas ou españolas, revistas destas, etc.

**Traballo e vida cotiá na emigración:** Fotografías en lugares de residencia ou traballo durante os anos de emigración, contratos laborais, tarxetas identificativas do seu propio negocio, imaxes do tempo de lecer (festas e celebracións familiares de distinta índole como festas escolares, vodas, bautizos, graduacións), cartas a familiares e amigos, etc.

**O retorno:** Fotografías tras o regreso a Galicia.

**Libros relacionados coa emigración**



As túas fotos e documentos serven para reconstruír a memoria colectiva da nosa emigración.

Tras a dixitalización do material cedido polos colaboradores neste proxecto, a cada propietario das fotografías e documentos seralle entregada unha copia dixital dos fondos, para que os conserve e poida, pola súa vez, difundilos entre os seus achegados.

